

MARCO

PATIO A1 + VESTÍBULO + ROTONDA CENTRAL

89

COLECCIÓN CGAC

Km.

INTERPRETACIÓNS DO COTIÁN


Baudrillard sostiña que a función subversiva da imaxe é atopar a literalidade do obxecto. Varios artistas introdúcenos nunha narrativa de libre interpretación, por medio de soportes tan formais e dispares como a escultura, a fotografía e o vídeo, mostrándonos a través da súa reflexión persoal diferentes achegamentos á realidade, aos universos públicos, ou privados e cotiáns, de cada un e de todos.

Mediante unha radical transformación de obxectos domésticos, neste caso un muíño a escala xigante, a intención de **Mona Hatoum** é que o espectador se sinta incómodo —ou cando menos estraño— na sala de exposicións, atordado por unha representación imposible. Un simple artefacto caseiro vólvese ameazador, e os significados resultan múltiples e velados. “Unha obra de arte primeiro séntese fisicamente; as asociacións, ideas e conceptos, veñen despois dese choque inicial”, di a artista.

Wolfgang Tillmans traballa coa representación fotográfica, e móstranos secuencias de imaxes presentadas en instalacións de parede meticulosamente ordenadas, que abranguen moitas e diferentes emocións, dende o poético, o real e o imaxinado, ata o coñecemento do presente e do pasado. “Fago fotografías para comprender o mundo”, comenta o autor; e así, Tillmans resulta ser un artista total, sen perder nunca a curiosidade sobre todo o que lle rodea, empatizando coas persoas que coñece e as que non, con estilos de vida diferentes que sempre o atraen.

Na rotonda central que dá acceso a salas atopamos a peza de **Iván Navarro**, que evoca a vida na rúa a través da visión dun mendigo. Con referencias antropolóxicas directas e inevitablemente políticas, o carriño da compra, que reúne todas as pertenzas do *homeless*, convértese de forma irónica en escultura móbil que pode ser enchufada en calquera lugar, dentro e fóra do museo, de xeito legal ou ilegal.

Lars Arrhenius, no vestíbulo de entrada ao Museo, colócanos xa na rúa mediante a súa animación en branco e negro, onde o cotián sucedetanto na beirarrúa coma no interior da vivenda que habitamos.



MARCO

GALERÍA A1


89 COLECCIÓN CGAC Km.

A MENSAXE E OS SEUS OUTROS SIGNIFICADOS

É eficaz a mensaxe política por parte do artista? O seu significado, ten transcendencia, ou queda nunha *boutade*, nun mero chiste? A crítica ao sistema en que vivimos, ten sentido real dentro das paredes dun museo e no marco do mercado da arte contemporánea? Como di Jonathan Hernández: “A arte excesivamente política é plana e non deixa ver a complexidade do panorama. O papel da arte debe ser máis o de interpretar e rexenerar a paisaxe”.

A hexemonía dos medios de comunicación de masas, utilizados por economistas, políticos e publicitarios, son analizados neste apartado da exposición, sexa por acumulación, ou xerando ironía sobre o seu discurso real, ou converténdoo en documentos surrealistas. Os signos funcionan nunha escala de identificación territorial, pero tamén poden sacarse do seu contexto. O mesmo acontece coas mensaxes. E o artista utilízaa. O xiro de rosca de certas frases comúns, co novo significado que se lles queira dar, é agora de libre interpretación para o espectador.

Información, compilación, apropiación, reinterpretación, son algunhas das accións presentes nesta sala, onde destaca o *Exchange Value Room* de **Thomas Hirschhorn**, que atrae ao visitante pola forza da instalación e polos múltiples significados que acumula no seu interior. Noutra fronte, de carácter máis claramente política, sinalamos as obras de **Thomas Locher**, **Ken Lum**, **Gabriel Kuri** e **Eugenio Dittborn**, e nunha vertente menos mordaz, son representativos os listados de **Ignasi Aballí** e **Jac Leirner**, xunto co calendario da rúa de **Rivane Neuenschwander**. Completan esta sala os carteis de **Jordi Mitjá** e os traballos conceptualmente máis abertos de **Rubén Grilo**, **Fran Meana** e **José Damasceno**.



MARCO

PATIO A2


89 COLECCIÓN CGAC Km.

CUESTIONAR AS CONVENCIONES

Pequenas detonacións de humor son necesarias na nosa vida diaria para interromper a rutina, a monotonía, a tristura e a traxedia. Cando non proveñen do noso interior, ou do noso círculo persoal máis próximo, procurámolas noutros ámbitos, que poden ser medios creativos ben diversos, e que atopamos en lugares como o cinema, o teatro, a literatura... e, por que non, nun museo de arte contemporánea.

Moitos artistas recorren ao sentido do humor, así como outros afondan noutros sentimentos, e mentres o tratamento de certos temas pode ter unha comprensión máis local, ou precisar de pautas de coñecemento especiais, o humor é universal... aínda que non todos os chistes nin bromas se entendan á primeira. Da risa á ironía sutil, da gargallada á sátira, achegámonos con facilidade á interpretación das pezas incluídas neste apartado da exposición.

Utilizando escenarios domésticos —**David Bestué & Marc Vives**— e/ou públicos —**June Bum Park, Erwin Wurm**—, o traballo dos artistas aquí representados recrea situacións surrealistas que cuestionan o convencional. **Mladen Stilinović** como defensor da preguiza; **Hans Hemmert, Mauro Cerqueira, Anna Bella Geiger** e **Roman Signer** como abandeirados do absurdo da acción; **Juan Pérez Agirregoikoa**, como representante da sátira máis cruel; e de forma sutil, pero cargada de significado, as obras de **Jonathan Hernández, Jonathan Monk** e **Yann Sérandour**; mentres **Suso Fandiño** parece burlarse da intocable iconografía Pop de Warhol.



MARCO

GALERÍA A2

89 COLECCIÓN CGAC Km.

A ESENCIA DO ARTISTA, O SEU DEBUXO

A linguaxe persoal do artista faise máis íntima no debuxo, pola súa inmediatez como soporte e pola súa capacidade simbólica de concretar, nun trazo, a acción máis próxima posible que vai da mente á man. O erro está máis preto, a corrección é máis difícil e o sentimento está a flor de pel. E así queda a obra, fráxil no soporte que a representa, delicada na súa realización, relevante e versátil sobre unha simple folla de papel.

Entre o consciente e o inconsciente, o debuxo delata e mostra moitas cousas do seu autor, dun xeito moi directo e persoal. Os artistas que elixen o debuxo como modo de acción son valentes, polo que mostran do seu interior. E non pensemos que falamos dun soporte menor, cando é, ademais, o máis antigo que existe, e na súa evolución expandida, está sendo utilizado dende hai tempo nas técnicas de vídeo de animación, como é o caso de **Vicente Blanco**.

Autobiográfico en bastantes dos casos que aquí se presentan —**Fernando Bryce, Tónico Lemos Auad, Efrain Almeida**—, o debuxo é un diario persoal —**Pauline Fondevila, Martí Anson**, a modo de caderno de viaxe no caso de **Raimond Chaves & Gilda Mantilla**— ou externo —**Allen Ruppertsberg, Teresa Moro, Gabriel de la Mora**—, pero sempre rotundo —**Francis Alÿs, Ana Jotta**— e mesmo reivindicativo dende o punto de vista feminino —**Adrian Piper, Azucena Vieites**— e reflexo do que sucede dentro e arredor deste medio de expresión, do artista que o utiliza. A obra de **Arturo Herrera** traspasa o debuxo en si para transformarse nun híbrido entre a escultura en papel e a colaxe.

MARCO

PATIO A3

89 Km.

COLECCIÓN CGAC


MAPA DE ALDEA GLOBAL. VIVIMOS NA CIDADE

As tensións do mundo contemporáneo teñen ou seu reflexo non ámbito da cidade; porque é onde vive a maioría da poboación do planeta, porque a comunicación sucede nas metrópoles, e porque nelas se atopan os grandes problemas que nos atinxen. Actualmente as cidades son o campo de batalla entre o local e o global: emigración, sustentabilidade, crecemento incontrolado, adaptación ao novo medio, choque de diferentes culturas, servizos básicos para todos, etc.

Nunha era de desperdicios, vivimos un problema de urbanización desaforada, que esixe máis medios de transporte, máis gasto de enerxías para que estes funcionen, e que á súa vez crea máis polución, facendo da cidade un lugar hipertrofiado. Todo isto leva a un falso desenvolvemento, que dispara a mala repartición de beneficios, creando maiores diferenzas sociais entre os habitantes xa establecidos na cidade e as lexión de emigrantes que se achegan a ela para prosperar.

Postcolonialismo, estado de benestar, territorio e fronteira, crecemento e ruína, centro e periferia, son algúns dos temas que formulan os artistas presentes neste apartado da exposición. Habitabilidade e cuestión urbana conforman unha moi fráxil relación, examinada tamén polos artistas, que contemplan a paisaxe do século XXI: a metrópole.

Aquí se mostran diferentes análises sobre a cidade que ocupan un espectro que vai dende a ciencia-ficción de **Botto & Bruno**, o sublime ou descriptivo (**Lara Almarcegui**, **Rui Toscano**, **Melanie Smith**) e o persoal en **Bülent Şangar**, ata a denuncia das desigualdades e da pobreza creadas polo desenvolvemento (**Zwelethu Mthethwa**, **Daniel Lara**, **Alexander Apóstol**), pasando polo estudo formal próximo ao traballo do arquitecto na peza *Maison Tropicale*, de **Ângela Ferreira**.



MARCO

GALERÍA A3

89 COLECCIÓN CGAC Km.

EN TORNO AO MUSEO. EXERCICIOS ESPACIAIS

Hai xa tempo que a escultura e a pintura romperon os seus moldes tradicionais para fundirse en híbridos de resultado e aspecto cada vez menos académico. Como dixo Moholy-Nagy a principios do século pasado, as obras deixaron de estar “confinadas ao marco e ao pedestal”. A posta en escena dos soportes resultantes crea dúbidas no espectador e esvae a división en categorías das obras de arte. Esta abolición de fronteiras ten como resultado unha maior importancia do espazo onde se mostran ás pezas, ás veces concibidas en orixe para un lugar concreto. E a súa relación co público demanda unha maior implicación, unha percepción máis aberta. O campo da instalación, sexa ou non específica, ocupa un terreo hoxe plenamente aceptado, aínda que mutante e aberto, e aí é onde reside precisamente o seu interese.

Lugar, volume e representación concíbense como exercicios espaciais que, presentados dentro do museo, investigan e poden chegar a cuestionar a base teórica da devandita institución — como nos traballos de **Elmgreen & Dragset**, **Diego Santomé** e **Liam Gillick**— ou dar lugar a reflexións teóricas sobre a propia creación artística e a súa mutabilidade, como nos casos de **Amaya González Reyes** e **Txomin Badiola**; e mesmo a visións máis abertas nos análises espaciais de **Salvador Cidrás**, e sobre o tempo e a luz en **Ceal Floyer** e **Álvaro Negro**.

